


## EVENTO CCMEREFORREST NO MONTE DE MATAMÁ



Á iniciativa CCMEReforest creada para compensar a pegada do carbono nos festivais Coca-cola Music Experience e Coca-cola Music Experience On The Beach, súmaselle este ano unha acción para plantar árbores autóctonos no monte de Matamá. CCMEReforest quere así sumarse á recuperación da natureza tralos devastadores incendios que asolaron Galicia en outubro de 2017. O evento tivo lugar o pasado 4 de marzo de 2018 e contou con Tony Aguilar, DJ e presentador de programas musicais, como padriño. Así como coa colaboración dos grupos musicais Furious monkey House e Atacados.

# Plano da plantación.





*Finca do Viveiro da Moo antes da plantación.*

Carballos, albedros, arces, teixos, estripeiros... ata un total de 400 árbores, de 11 especies diferentes, plantáronse por unha brigada de 20 voluntarios. Coca-Cola organizou a plantación e facilitou as plantas que se precisaban.



*Árbores e ferramentas agardan aos voluntarios na xornada de plantación*

.A pesar de que o día amenceu gris e baixo ameaza de chuvia, os voluntarios puideron levar a cabo o traballo para o que se desprazaron ata a nosa parroquia. Esperamos que na súa próxima visita haxa xa auténticos signos de recuperación da natureza e poidan desfrutar do froito do seu esforzo.



*Indalecio Bastos explica aos voluntarios de CCMEReforest o proxecto posta en valor da fauna autóctona.*



*Explicacións iniciais.*



*Viveiro da Moo*



*Viveiro da Moo*